

**ACTA DE APERTURA DAS REFERENCIAS TÉCNICAS, “SOBRES B”, DO SERVIZO DE “DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES DE PREVENCIÓN, PROMOCIÓN DA SAUDE E DINAMIZACIÓN DE PERSOAS MAIORES, (PROGRAMA AMESSAN)” NO CONCELLO DE AMES.**

Na Casa Consistorial de Ames sendo as nove horas do día 9 de agosto de 2016, reúnese a Mesa de Contratación designada para a tramitación da adxudicación do **SERVIZO DE “DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES DE PREVENCIÓN, PROMOCIÓN DA SAUDE E DINAMIZACIÓN DE PERSOAS MAIORES, (PROGRAMA AMESSAN)” NO CONCELLO DE AMES.**

**ASISTENTES:**

**Presidenta:**

Luisa Feijóo Montero, concelleira delegada de sanidade, servizos sociais e igualdade

**Vogais:**

Concepción Vilas Cantelar, secretaria accidental do Concello de Ames

Margarita Fernández Sobrino, interventora do Concello de Ames

Emilio Garrido Moreira, funcionario do servizo de contratación do Concello de Ames

María Isabel González Cancela, concelleira delegada de participación e atención veciñal e promoción económica


**Secretaria:**

María Lara Pedrosa Rodríguez, auxiliar administrativa do Concello de Ames

Na sesión da mesa de contratación de data 4 de agosto de 2016, procedeuse á apertura dos sobres “A”, que contiñan a documentación administrativa, obtendo como resultado que todos os licitadores presentaron a documentación requerida nos pregos de cláusulas administrativas, declarando polo tanto a admisión de todos os licitadores presentados a este procedemento.

A continuación procédese á apertura dos sobres B que conteñen as referencias técnicas dos seguintes licitadores declarados admitidos:

Empresa
SERVIPLUS TOTAL SL
SENES CIT SL
MAGNAFOR QUALITAS SL
ACHEGA ATENCIÓN DOMICILIARIA
SEVICIOS INTEGRAIS DE FORMACIÓN SC
XESTIÓN CULTURAL ÁUREA SL
COGAMI-COMBINA SOCIAL (UTE)
A BILLARDA SL
OBZ SL
ESPROADE SL



A continuación a mesa de contratación procede á apertura dos sobres denominados “B” denominados como “*criterios non avaliábles de forma automática. Referencias Técnicas*”. No apartado 16.2 dos pregos que rexen para a contratación especificase textualmente que: “*Os licitadores deberán achegar a documentación en soporte informático (memoria USB)*”.

A mesa de contratación comproba, minuciosamente, que se cumpre este aspecto contemplado no prego de cláusulas que rexen para o procedemento. O examinar, unha por unha, as propostas dos licitadores, a mesa constata que a empresa Servicios Integrais de Formación S.C. e A Billarda SL non presentan a súa proposta en soporte informático (memoria USB). As demais empresas admitidas non procedemento cumpren co requisito de presentar a súa proposta en formato informático, memoria (USB).

Tendo en conta o detallado no parágrafo anterior, a mesa de contratación, por unanimidade dos membros presentes ACORDA:

**PRIMEIRO:** Excluir do procedemento ás empresas Servicios Integrais de Formación S.C. e A Billarda SL por non presentar a súa proposta en formato informático (memoria USB).

**SEGUNDO.-** Nomear como técnico responsable da valoración das referencias técnicas do procedemento en curso a Rubén Ramos Domínguez, responsable da oficina de voluntariado do Concello de Ames.

**TERCEIRO:** darlle traslado do resto das proposicións admitidas ó técnico nomeado pola mesa de contratación para a valoración das propostas admitidas, que son as que se especifican no seguinte cadro:

Empresa
SERVIPLUS TOTAL SL
SENEC CIT SL
MAGNAFOR QUALITAS SL
ACHEGA ATENCIÓN DOMICILIARIA
XESTIÓN CULTURAL ÁUREA SL
COGAMI-COMBINA SOCIAL (UTE)
OBZ SL
ESPROADE SL

**CUARTO.-** Unha vez valorados os criterios subxectivos que se conteñen no “Sobre B” do procedemento, procederase a publicar con 2 días de antelación no perfil do contratante e no taboleiro de edictos do concello a data e lugar do acto público de apertura dos “Sobres C” que conteñen as ofertas económicas.

E non sendo outro o obxecto da reunión, a señora Presidenta da por rematado o acto, sendo as nove horas e vinte e cinco minutos, do que se estende a presente acta, que en proba de conformidade asinan os membros da mesa de contratación, e eu secretaria, certificado.

